

## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000007

### ACTA Nº 2019/7 SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN


No salón de plenos do concello de Cerdido, ás doce horas da mañá do día quince de xuño dous mil dezanove, reúnese en primeira convocatoria os membros elixidos nas eleccións locais celebradas o día vinte e seis de maio do ano dous mil dezanove que se citan a continuación: Benigno Galego Castro, Rocío Martínez Martínez, Cándido Eusebio Prieto Lago, Marina Tojeiro Martínez, David Prada Aneiros, Cristian Carrodegas Graña, Patricia Santalla Pérez, María Amalia Díaz Rodríguez y Alberto Javier Rey Paz

**1.- FORMACIÓN DA MESA DE IDADE.** En cumprimento do disposto no artigo 195 da Lei Orgánica do Réxime Electoral, procedese á formación da mesa de idade integrada polos elixidos de maior e menor idade presentes no acto, quedando constituída por Cristian Carrodegas Graña, concelleiro asistente de menor idade, María Amalia Díaz Rodríguez, concelleira de maior idade, que preside a mesa e como secretaria Paula Díaz Tie, secretaria do concello. Deseguido, procedese a revisión das credenciais presentadas, comprobándose que se presentaron nove credencias dos concelleiros presentes neste acto, polo que a mesa de idade declara constituída a corporación

**2.- PROMESA OU XURAMENTO DOS CONCELLEIROS . TOMA DE POSESIÓN.** En cumprimento do disposto no artigo 108.8 da Lei Orgánica de Réxime Electoral, os concelleiros electos proceden a a prestar xuramento ou promesa dos seus cargos, na forma establecida no Real Decreto 707/1979 do 5 de abril, declarando a Presidenta da mesa de idade constituída a Corporación .

**3.- ELECCIÓN DE ALCALDE .** En cumprimento do disposto no artigo 196 da Lei Orgánica de Réxime electoral e previo acordo por unanimidade dos membros da corporación, procedese a iniciar a votación ordinaria para a elección de alcalde, unha vez rematada a votación o escrutinio dos votos arroxo o seguinte resultado: sete votos a favor de D Benigno Galego Castro dos concelleiros electos Benigno Galego Castro, Rocío Martínez Martínez, Cándido Eusebio Prieto Lago, Marina Tojeiro Martínez, David Prada Aneiros, Cristian Carrodegas Graña, Patricia Santalla Pérez, dous votos a favor de D. Alberto Javier Rey Paz dos concelleiros electos María Amalia Díaz Rodríguez y Alberto Javier Rey Paz,  **polo que resulta electo alcalde do Concello de Cerdido, Benigno Galego Castro ó acadar a maioría absoluta dos votos .**

**4.- PROMESA OU XURAMENTO DO ALCALDE.** En cumprimento do disposto no artigo 108 da Lei Orgánica do Réxime electoral, Benigno Galego Castro, acepta o cargo e promete cumprir fielmente as obrigas do cargo de alcalde do concello de Cerdido con lealdade ao Rei e de gardar e



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000007

facen gardar a Constitución como norma fundamental do Estado .

Acto seguido dáse a palabra a representante do Partido Popular, D Alberto Javier Rey Paz que lle da a noraboa ao Alcalde pola súa elección e anuncia que vai a realizar unha oposición digna e construtiva , facendo propostas ao Pleno para mellorar Cerdido , sempre con respecto e educación .

Acto seguido toma a palabra o Alcalde que despois de darlle os bos días a todas e todos. , felicita os membros desta corporación e engade que o que literalmente achego : “Quero darlle as gracias a tódalas persoas que confiaron en min e na candidatura que eu encabezaba para poder seguir sendo o alcalde de Cerdido. Agradecer tamén a colaboración que me demostraron nestes últimos catro anos as empregadas e empregados municipais, que contribuíren cada día co seu esforzo e profesionalidade a prestar uns mellores servizos públicos. Quero tamén facer mención as distintas asociacións do concello polo seu labor e compromiso nas actividades que organizan ou colaboran. Hoxe, o recibir este bastón de mando, sinto unha profunda emoción e o mesmo tempo unha enorme responsabilidade, recollo como símbolo do compromiso que asumo. O meu obxectivo prioritario será loitar contra as desigualdades e avanzar cara unhas mellores cotas de benestar, facendo de Cerdido un lugar mellor para vivir. Seguiremos traballando día a día, escoitando a todas e todos, estando o lado das persoas e intentando resolver os seus problemas. Por último ofrezcolle a miña colaboración o grupo municipal do partido popular, desexando que sexa unha lexislatura sempre dende o respecto. Despídome dándovos as gracias pola vosa presenza neste día tan importante para o noso concello”.

E , non habendo mais asuntos na orde do día , a presidencia deu por rematada a sesión sendo as doce horas e dez minutos do día quince xuño de dous mil dezanove . **Do que eu como secretaria , dou fe:**

O Alcalde

A Secretaria

Benigno Galego Castro

Paula Díaz Tie